



**CONCELLO DE OURENSE  
SECRETARIA XERAL DO PLENO**

**RESUMO DE ACORDOS DO PLENO EXTRAORDINARIO URXENTE  
DO DÍA 7 DE ABRIL DO ANO 2022**

**1.- Ratificación da urxencia da convocatoria.**

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a urxencia.

**2.- Convenio para as obras de acondicionamento da senda fluvial entre Outariz e o Regato do Val. (Expte. 2022007705).**

O Sr. Secretario dá lectura á proposta da Alcaldía do 31 de marzo de 2022.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos concelleiros asistentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a proposta da Alcaldía, de 31 de marzo de 2022, que literalmente di:

1º) *Aprobar o convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. e o Concello de Ourense para o financiamento, execución e entrega para o seu mantemento e conservación das obras do proxecto de acondicionamento de senda fluvial entre Outariz e o Regato do Val, T.M de Ourense, conforme ao texto do convenio que obra como documento nº 4 no expediente electrónico.*

2º) *Autorizar e dispoñer, contra a aplicación orzamentaria 100 1532 72303 (RCFUT1 nº 202200011960), o gasto correspondente ao Concello de Ourense, conforme á seguinte distribución por anualidades 2022: 0 euros; 2023: 250,000,00 euros*

*A autorización do gastos plurianualprevisto queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento de 2023.*

*Autorízanse expresamente as porcentaxes de distribución das anualidades previstas no que excedan dos límites xerais establecidos no artigo 174.3 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*

3º) *Facultase á Alcaldía, en virtude das súas competencias de representación do Concello de Ourense, para a sinatura do convenio e de cantos documentos sexan necesarios para a súa execución e desenvolvemento e non requiran de acordo expreso doutros órganos de goberno municipais.*

4º) *Este acordo adóptase en consideración ao informe técnico de data 15/03/2022 e ó xurídico de data da sinatura electrónica, que forman parte integrante do mesmo para os efectos de motivación.*